



PLAN DIXITAL

EOI Pontevedra

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

Dirección: Celso Emilio Ferreiro s/n 36005 - Campus A Xunqueira. Pontevedra.

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoipontevedra/>

Nº de alumnado: 1800 alumnos/as no curso 2021-22

Nº profesorado: 55 docentes, 41 na sede central e 14 catorce nas seccións.

Etapas educativas: A EOI de Pontevedra é un centro de ensino de idiomas de réxime especial dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Na actualidade impártense seis linguas modernas na sede central: inglés, francés, galego, alemán, portugués e italiano. O idioma inglés impártese, ademais, nas sección de Lalín (onde tamén se oferta francés), A Estrada e Pontevedra (IES Valle Inclán).

Oferta educativa: A oferta educativa abrangue os niveis A1-A2-B-B-C1-C2 do MCER (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) e inclúe os seguintes cursos:

- Cursos ordinarios
 - Cursos anuais de 120 horas
 - Cursos intensivos de 120 horas por cuadrimestre
 - Cursos semipresenciais
 - Programa a distancia That's English
- Cursos non ordinarios
 - Cursos de actualización e especialización para o profesorado
 - Cursos preparatorios de probas de certificación para o profesorado :
 - Cursos CELGA (certificado de estudos de lingua galega)
 - Cursos LAM (linguaxe adminsitrativa galega)

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O alumnado da EOI de Pontevedra é moi heteroxéneo, tanto no referente ao nivel de formación como á idade (desde os catorce ata máis de setenta anos), predominando as mulleres sobre os homes. Nos últimos anos vense observando un aumento da media de idade do alumnado así como un descenso no número de matriculados/as.

As motivacións do alumnado á hora de estudar un idioma na escola tamén son variadas: mellorar a súa empregabilidade, obter un certificado acreditativo do seu coñecemento de idiomas para institucións públicas ou privadas que o soliciten, poder viaxar ao estranxeiro, coñecer novos idiomas e culturas, etc. Para dar resposta a estas necesidades, a EOI de Pontevedra fornece un espazo multicultural de aprendizaxe ao longo de toda a vida.

O **Plan de Integración** das TICs que o centro pon en marcha cada ano, segundo establece o Proxecto Educativo de Centro (PEC), integra e fomenta o uso das novas tecnoloxías para satisfacer estas demandas sociais nun mundo cada vez máis complexo, interconectado e en continuo cambio.

Dende esta perspectiva de innovación pedagóxica, o noso **Proxecto Educativo de Centro** establece, a través dos obxectivos xerais da Programación Xeral de cada curso escolar, que **as novas tecnoloxías serán elementos facilitadores** dos seguintes aspectos:

- o proceso de ensino-aprendizaxe, mediante o uso da aula virtual corporativa Moodle e outras ferramentas web.
- a xestión dos recursos do centro, mediante a rede interna do profesorado, a páxina web interna en WordPress, a ferramenta web CentrosNet e os programas GLPI (de xestión de infraestructuras, recursos humanos e espazos) e Codex (de xestión administrativa e do alumnado).
- o desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado mediante o emprego progresivo de ferramentas web na aula.
- a formación permanente do profesorado, promovendo a súa participación en grupos de traballo, seminarios, cursos específicos para docentes ou sesións puntuais de formación.
- o desenvolvemento profesional de toda a comunidade educativa xerando oportunidades de crecemento.

Alén disto, as actuais liñas que abrangue o **Plan de Formación Permanente do Profesorado** no Centro (PFPP) reflicten tamén a interdependencia das novas tecnoloxías e o uso eficiente destas:

1. **Internacionalizando a nosa Escola:** A EOI de Pontevedra participa no proxecto Erasmus+ KA104 SBLENDID *"Escolas que usan a aprendizaxe mixta para dialogar sobre pedagogías interrelacionadas"* liderado polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) co obxectivo de conseguir unha aproximación estandarizada á modalidade semipresencial, que se ven

- implantando progresivamente nas EOs galegas. A tecnoloxía xoga un papel fundamental nesta nova modalidade de aprendizaxe na que se promove o uso de ferramentas que facilitan o intercambio de ideas, a transmisión de coñecemento e a avaliación da aprendizaxe.
2. **Plan Dixital.** Esta liña de traballo proporcionará o marco onde continuar co actual proceso de dixitalización do centro contemplado no PE cara unha adaptación sostible e eficaz da Escola á era dixital.
 3. **Atendendo á diversidade.** O centro está inmerso na actualización do Plan de atención á diversidade a través do cal desenvolveranse estratexias didácticas inclusivas que permitan conectar con todo o alumnado de maneira flexible e ademais de implementar tecnoloxías asistenciais para o alumnado NEE.

Para favorecer o uso das TIC en todas estas esferas de actuación, o presente Plan Dixital definirá un modelo de referencia para acadar un despliegue eficaz dos recursos tecnolóxicos presentes e futuros da Escola e así emprender un proceso de transformación desta cara un centro dixitalmente competente para o ensino de linguas na súa área de influencia.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Entre os diferentes aspectos tratados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, inclúese a competencia dixital e a innovación educativa, máis precisamente nos artigos 121, 111bis e 132, nos que se establecen a estratexia dixital do centro, a promoción do uso das tecnoloxías e a comunicación (TIC), e o rol do equipo directivo na promoción e consecución da implantación do Plan Dixital respectivamente.

A raíz deste artigos, elaborouse a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 xuño) e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021. Ámbalas dúas resolucións sinalan a necesidade de elaborar un Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Seguindo o mandato dos instrumentos legais previamente mencionados, este Plan Dixital de centro foi redactado conforme á resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. O procedemento de elaboración do plan queda

recollido no punto 1.4. do presente documento que se fará efectivo na EOI de Pontevedra no curso 2022-23.

Estes instrumentos legais seguen as orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027). Neles, búscase a transformación dixital dos centros educativos de Galicia para que sexan dixitalmente competentes no proceso de ensino-aprendizaxe. Tanto é así que un dos principais eixes da transformación dixital e procurar a excelencia, a universalidade e a equidade na educación, que elimina as brechas sociais e territoriais, incentiva a formación continua e cre no talento.

Alén disto, a Consellería de Cultura e Educación impulsou o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que aposta pola creación de espazos ao servizo de proxectos educativos, especialmente vinculados á transformación dixital, tendo como horizonte a consecución dunha cidadanía dixital plena. Tales espazos funcionarán como xeradores de igualdade e inclusión, tal e como se persegue tamén na Estratexia Educación 2030.

O Plan dixital ten tamén como referente o marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes (DigcompOrg) no que se reflicte a importancia de analizar e reflexionar sobre a realidade dos nosos centros para poder deseñar accións que faciliten o despregamento eficaz da tecnoloxía en todos os eidos da aprendizaxe. Sen dúbida, os centros educativos forman parte dunha sociedade cada vez máis dixitalizada e por conseguinte, neste plan reflectirase a necesidade de aplicar a tecnoloxía nas distintas dimensións que atinxen á actividade escolar:

- **Dimensión pedagóxica:** prácticas de ensino-aprendizaxe, contido e currículo e as prácticas de avaliación
- **Dimensión organizativa:** prácticas de liderado e gobernanza, desenvolvemento profesional, colaboración e networking,
- **Dimensión tecnolóxica:** infraestruturas tanto físicas como dixitais dos centros.

1.4. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración do Plan Dixital de centro creouse una liña prioritaria de formación no PFPP na que se levaron a cabo as seguintes accións:


- **Enquisa SELFIE**



Seguindo as instrucións do asesor, o primeiro paso tras algunhas reunións informativas, foi a creación da enquisa SELFIE, una ferramenta deseñada para axudar a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, mediante una análise da situación do centro. Procedeuse a escoller una batería de preguntas e engadíronse algunhas cuestións propias do centro.

O test foi distribuído entre o profesorado, o equipo directivo e o alumnado, pedindo a colaboración de todo o claustro para a súa difusión e tentando chegar ao máximo número de membros da comunidade escolar posible. Empregáronse todas as canles de comunicación dispoñibles: páxina web, redes sociais, a aplicación móbil *Centrosnet* e mensaxes masivos a través da aula virtual. Nas mensaxes de difusión achegáronse tutoriais sobre a cumprimentación da enquisa e finalmente, a realización do informe foi frutífera no seu primeiro intento, obtendo o número suficiente de participantes para ter resultados significativos.


Unha vez obtido o informe SELFIE, convocouse unha reunión do equipo do Plan dixital na que se analizaron conxuntamente os aspectos mellor e peor valorados co obxectivo de extraer conclusións relevantes que servisen para a elaboración do plan de acción. Os métodos empregados foron o modelo dos 3 por qués e a análise cuantitativa e cualitativa dos resultados:


Aspectos mellor puntuados:

ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Apoios e recursos	Busca/deseño de recursos dixitais e emprego de contornas virtuais de aprendizaxe. E1. Recursos educativos en líneas 	O profesorado integra os recursos educativos dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe.
		O centro aposta pola dixitalización (PE).
		O centro conta cunha longa traxectoria de integración da tecnoloxía aplicada ao ensino de linguas estranxeiras.


ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Desenvolvemento continuo	Fomento do desenvolvemento profesional continuo (DPC).	O centro conta cun PFPP que fornece de formación continua ao claustro.
	D2. Participación en el DPC 	O profesorado está comprometido coa actualización das súas competencias dixitais docentes.
	D1. Necesidades de DPC 	O alumnado adulto valora a implementación das TIC na metodoloxía.


Aspectos peor puntuados:

ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Infraestruturas e equipamento	Falta de acceso a internet no centro.	A Consellería só contempla o acceso á Wi-Fi corporativa aos centros adheridos ao Programa EDIXGAL.
	C3. Acceso a internet 	As EOIS non utilizan o sistema de xestión XADE.
		As EOIs non pertencen ao réxime de ensinanzas obrigatorias

ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Infraestruturas e equipamento	Escaseza de tecnoloxías asistenciais para o alumnado NEE.	Descoñecemento das tecnoloxías asistenciais.
	C15. Tecnologías asistenciales 	A porcentaxe de alumnado NEE en EOIs é moi baixa.
		As ensinanzas de linguas estranxeiras en EOI non son obrigatorias.

Aspectos que reflicten discrepancias entre a percepción do alumnado e a do profesorado:






ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Infraestruturas e equipamento	Asistencia técnica C5. Asistencia técnica 	O centro conta cunha empresa de mantemento informático e unha coordinadora TIC para resolver as incidencias deste natureza. En moitas ocasións, estas incidencias non se poden resolver no momento, polo que o alumnado percibe que non se están solventando cando non é así.

ÁREA	ASPECTO	POSIBLES CAUSAS
Prácticas de avaliación	Autorreflexión G5. Autorreflexión sobre el aprenr 	Non se fomenta suficientemente a planificación do estudo, as técnicas de autorregulación nin a reflexión sobre a avaliación formativa (as ensinanzas da EE.OO.II. céntranse moito nas probas de certificación).
		Presuponse que as persoas adultas teñen un alto grao de autonomía no que atinxe ao proceso de aprendizaxe.
		Non se ten afondado o suficiente nas técnicas de autorreflexión en entornas virtuais ou a través de ferramentas tecnolóxicas.

- Test de competencia dixital docente**

Posteriormente, a través da aplicación FPROFE, pediuse ao profesorado que realizase o Test TCDD (*competencia dixital docente*). Aínda que conseguimos acadar un 67% de participación do profesorado na enquisa, o sentir xeral do claustro foi que moitos dos items da enquisa eran de difícil lectura, vagos ou pouco intuitivos.

De acordo cos resultados, o **nivel medio de competencia dixital** da nosa Escola é **B1- Integrador/a**. Os resultados obtidos confirmaron a diagnose extraída do informe SELFIE demostrando que ambas ferramentas, malia as súas deficiencias, detectaron practicamente as mesmas fortalezas e os mesmos puntos débiles:

COMPARATIVA	SELFIE	TCDD
Aspectos mellor valorados	Liderado Desenvolvemento profesional continuo Apoios e recursos Pedagogía e implementación na aula	 Compromiso profesional  Recursos dixitais  Ensino aprendizaxe
Aspectos peor valorados	Infraestruturas e equipamento Prácticas de avaliación Competencias dixitais do alumnado	 Avaliación  Capacitación do alumnado Competencia dixital do alumnado

- **Matriz DAFO**

O seguinte paso foi a elaboración dunha matriz DAFO (*Debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades*) que recollese os datos máis significativos extraídos das dúas ferramentas de diagnose (SELFIE e TCDD), tendo sido necesarias varias reunións para poder representar na matriz a situación de partida do centro de maneira realista e estratéxica. Consultar o apartado 2.3.

- **Formación en liña cos mentores ADIC**

Recibíronse 3 sesións de formación online cos mentores a través da aplicación *Webex* sobre como elaborar o plan dixital, ao que asistiron os membros do grupo de traballo, poñendo posteriormente en común o aprendido para a elaboración do plan.

- **Obxectivos SMART**

Despois das reunións de formación, xeráronse os obxectivos SMART de maneira coral a través de reunións presenciais, para a súa inclusión no plan dixital. Consultar o apartado

- **Traballo colaborativo na nube**

Para a redacción conxunta do plan, abriuse un cartafol compartido ao principio do curso na plataforma Drive para poder traballar en comunidade na nube permitindo a redacción e elaboración "viva" do plan por todo o grupo de traballo.

Así mesmo cargáronse nel todos os materiais que se foron elaborando (Test CDD, Informe SELFIE, Matriz DAFO, Obxectivos SMART, borrador do Plan Dixital, formacións, actas das reunións, normativas e resolucións sobre o plan dixital, etc.) para a consulta dos membros do Equipo do plan dixital.

Con todo o material recollido e elaborado ao longo do PFPP, o último paso foi o reparto de tarefas de redacción do Plan Dixital entre os membros do equipo, realizándose as mesmas sempre dentro do documento compartido para permitir revisións, suxestións e cambios dun modo colaborativo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Conectividade e Wi-fi do centro**

Partimos cunha instalación wi-fi da EOI de Pontevedra de dúas liñas:

- **ED_336018689**, onde se conectaban os portáteis da zona de departamentos, biblioteca e cantina.
- **Edu Xunta**, con varios puntos de conexión por toda a escola pero que non daba servizo.

Esta instalación wi-fi non era viábel e foi implementada este curso 2021-22 (así como o cableado da escola), estando agora operativa. Os alumnos, no entanto, non teñen acceso á wi-fi xa que as EOIs non poden adherirse a o Programa EDIXGAL e o noso sistema de xestión non é XADE senón CENTROSNET.

A imposibilidade de acceder á wi-fi do centro por parte do alumnado é motivo de queixa habitual nas enquisas anuais sobre o funcionamento da Escola. Consideramos que o acceso gratuito á internet desde un dispositivo propio é requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades no centro, xa que fóra del, non todo o alumnado dispón de conectividade.

- **Equipamento das aulas**

Todas as aulas teñen acceso a internet e un ordenador que funciona como sistema multimedia (reproducción de áudio, vídeo...), vindo a substituir na práctica os sistemas analóxicos tradicionais (televisor, reprodutor de DCD, etc.)

AULAS DIXITALIZADAS	EDI	ORDENADOR	MENOS DE 5 ANOS	MÁIS DE 5 ANOS	TITULARIDADE
Aulas ordinarias	10	10	0	10	5 EDIS-AMTEGA 5 EDIS- Centro
Laboratorio	1	30	0	10	Centro

AULAS NON DIXITALIZADAS	PROXECTOR	ORDENADOR	MENOS DE 5 ANOS	MÁIS DE 5 ANOS	TITULARIDADE
Aulas ordinarias	11	11	0	11	Centro
Salón de actos	1	1	0	1	Centro

DEPARTAMENTOS	ORDENADOR SOBREMESA	PORTÁTIL	IMPRESORA	ANTIGÜIDADE	TITULARIDADE
Alemán e portugués	2	1	1	+de 5 anos	Centro
Galego e italiano	3	1	1	+de 5 anos	Centro
Inglés	5	0	1	+de 5 anos	Centro
Francés	1	0	1	+de 5 anos	Centro
Sala de recursos	4	0	2	+de 5 anos	Centro
Biblioteca	4	0	1	+de 5 anos	Centro
Dirección	1	0	1	+de 5 anos	Centro
Secretaría	4		1	+de 5 anos	Centro
Vicedirección e xefatura	2	0	2	+de 5 anos	Centro
Corredor	0	2	1	+de 5 anos	Centro

DISPOSITIVOS MÓBEIS	TABLETS	MENOS DE 5 ANOS	MÁIS DE 5 ANOS	TITULARIDADE
Disponibles para o seu uso na aula.	4	4	0	Centro

- **Servizos corporativos que facilitan a xestión do centro:** A Escola ten páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), CentrosNet (para a xestión de matrícula, expedientes, asistencia e consulta de notas).
- **Servizos non corporativos:** O profesorado utiliza plataformas dixitais que facilitan o traballo colaborativo, a interacción dixital, o acceso a contidos e a realización de tarefas como Padlet, Kahoot, Quizziz, Wordwall, Genially, etc. Asimismo a Escola ten presenza en redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram).
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** O mantemento do equipamento do centro xestiónase a través da UAC e AMTEGA, pero tamén está externalizada na empresa Inforhouse. O centro conta ademais cunha persoa responsábel das TICs.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregáronse os resultados da enquisa anual sobre o funcionamento da Escola así como os informes extraídos da enquisa SELFIE e do TCDD.

Resumo das áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Réxime especial - Ensinanzas de idiomas
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3
	Alumnado	2.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.9
	Alumnado	2.6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.6
	Profesorado	3.7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	4.2
	Alumnado	4.2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3
	Alumnado	2.8
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.2
	Alumnado	2.5

A continuación inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro e os resultados recollidos na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	21	66,7%
PROVISIONAL	4	8	50%
INTERINO	1	22	4,5%
SUBSTITUTO	1	4	25%
DESPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,1	B1	76,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5%
A2	8	40%
B1	8	40%
B2	1	5%
C1	1	5%
C2	1	5%
TOTAL	20	100%

2.3. Análise DAFO

A análise DAFO permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A metade das aulas están dixitalizadas: EDI + ordenador + sistema de son. O 50% restante conta cun ordenador, proxector e sistema de son. O laboratorio está dotado con 30 postos para o alumnado (PC conectado individual, cascos e micro) e pizarra interactiva.	Parte do equipamento está obsoleto (PCs de máis de 10 anos de antigüidade) biblioteca e aula 21, monitores vellos, etc.) Escaseza de dispositivos dixitais para utilizar na aula (p.e. tablets) O alumnado non pode conectarse á Wi-Fi da escola (non existe acceso para alumnado nin para convidados) Escaseza de <u>dispositivos que o alumnado poida levar a</u>

		casa (portátiles, tablets) O alumnado con NEE non conta con tecnoloxías asistenciais fornecidas pola Escola
PERSONAL DOCENTE	<p>Todo o profesorado emprega a EVA (Moodle) O profesorado procura e elabora os seus propios recursos dixitais en liña. O profesorado recibe formación continua en TICs a través dos PFPP, o CFR, o CAFI e a formación interna da Escola. Existe unha rede de colaboración entre o profesorado da escola e de outras escolas de Galicia</p>	<p>Algúns cursos no EVA están desactualizados. Unha parte do claustro ten unha competencia dixital limitada. O profesorado non ten tempo suficiente para experimentar co ensino dixital. En ocasións non se respectan os dereitos de autor (propiedade intelectual dos materiais educativos, i.e. licenzas de autoría e distribución). Faise un uso insuficiente das TICs para a avaliación: retroalimentación profesorado-alumando (e viceversa) e inter-pares alumnado - alumnado</p>
PERSONAL NON DOCENTE	Parte do PAS fai un bo uso das ferramentas corporativas de xestión do centro: Centrosnet	Algúns persoas PAS non aproveitan axeitadamente as ferramentas corporativas de xestión do centro.
ALUMNADO	<p>A meirande parte do alumnado emprega as TIC no seu traballo e tempo de lecer. As novas xeracións son nativos/as dixitais A maioría do alumnado está comprometido coa súa aprendizaxe e aberto a experimentar coas TIC</p>	O alumnado maior de idade acusa a fenda dixital. Unha pequena parte do alumnado non dispón de conectividade e equipamento tecnolóxico nos seus fogares.
FAMILIAS	Unha parte dos pais/nais titores/as do alumnado menor de idade emprega axeitadamente as canles de comunicación coa Escola: <i>Centrosnet, páxina web, etc.</i>	Algúns familias non consultan <i>Centrosnet</i> nin as canles de comunicación da Escola.
OFERTA	A oferta educativa axústase á demanda case sempre diversificándose nos últimos anos a través da modalidade semipresencial.	A demanda supera a oferta nalgún nivel e grupo.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O equipo directivo promove o uso das TIC na Escola e as prácticas docentes innovadoras. Realízanse xornadas de formación TIC para o profesorado do centro O equipo directivo fornece canles de comunicación intraescolar: app CentrosNet, mensaxería da AV, intranet, documentos compartidos na nube, grupo para correos masivos, etc. Existe un protocolo TIC para a resolución de incidencias técnicas O equipamento tecnolóxico e dixital está inventariado e pode reservarse de xeito democrático a través da intranet</p>	<p>O centro non conta cunha estratexia dixital. A páxina web é pouco atractiva e a navegabilidade é pouco intuitiva.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Atención rápida e eficiente da UAC. Servizo de asesoramento da Consellería a través do asesor ADIX e Abalar O profesorado pode formarse a través do sistema FPROFE e a plataforma PLATEGA.</p>	<p>Dificultades para a comunicación coa empresa que resolve as indidencias reportadas á UAC e a responsable TIC da Escola. Proceso longo e tedioso para adquirir novo material e desbotar o obsoleto. Obstáculos para dotar de acceso á Wi-Fi ao alumnado Correo corporativo pouco intuitivo e funcional. Necesidade dun espazo de almacenamento na nube no que compartir e editar documentos. Exceso de traballo burocrático.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>A UE impulsa a integración das TIC no ensino (Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes. A Consellería adoptou na súa lexislación a normativa europea a través da <i>Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e F.P. pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-22.</i></p>	<p>Falla dunha segunda vía (de promoción) para o alumnado que non quere/necesita certificar. Grupos numerosos en certos idiomas e niveis que dificultan o ensino (en niveis intermedios se admite un máximo de 30 alumnos) Crecente dificultade das probas de certificación.</p>
	CONTORNA	<p>Localización da EOI no Campus e nun área escolar: pode atraer a alumnad con perfil "nativo dixital". Aceleración da dixitalización da sociedade por mor da pandemia derivada da COVID 19.</p>	Competencia con outros organismos certificadores de niveis de lingua como o Centro de Linguas do Campus Universitario, Cambridge, Alianza Francesa, etc.)

3. Plan de Acción

O obxectivo a longo prazo do presente plan é a consolidación dun “ecosistema educativo dixital de alto rendemento” mais isto esixe infraestruturas, conectividade, equipos dixitais, un profesorado profesores formado en novas competencias e contidos de mellor calidade que respecten o marco ético e de privacidade.

Evidentemente, un obxectivo tan ambicioso non é doado alcanzar e por iso, con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas para o curso 2022-23, en cada curso escolar, o Plan de acción será actualizado engadindo novos obxectivos específicos, eliminando os que xa se cumpriron e mantendo os que se atopan aínda en proceso.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Durante o curso 2022-23 o noso Plan dixital de centro centrarase nas seguintes áreas prioritarias:

- **Dimensión pedagóxica: Prácticas de avaliación**

Na enquisa SELFIE e no Test TCDD detectouse a necesidade de promover a metacognición do alumnado e intercambio de feedback entre iguais. Concluíuse que nas EOI non se fomentan suficientemente as técnicas de autorregulación e autorreflexión porque se presupón erróneamente que as persoas adultas posúen un alto grao de autonomía no que atinxe ao seu proceso de aprendizaxe. Ademais, o profesorado non afonda o suficiente na avaliación formativa porque as ensinanzas de E.E.O.O.I.I. están demasiado orientadas á certificación. Por conseguinte, acórdase implementar as técnicas de retroalimentación e autorreflexión a través das entornas virtuais:

Obxectivo 1	Empregar os foros da aula virtual (Moodle) como ferramenta para a autorreflexión e a retroalimentación.
--------------------	--

- **Dimensión organizativa: Liderado**

Nas últimas enquisas anuais sobre o funcionamento da Escola, a páxina web ten recibido unha puntuación baixa por mor da navegabilidade pouco intuitiva que ofrece e polo seu deseño de escaso atractivo. Decídese mellorar a páxina web xa

que non é só unha canle de información para a comunidade educativa senón tamén un escaparate do centro cara a sociedade.

Obxectivo 2	Mellorar o deseño e navegabilidade da páxina web como parte da estratexia dixital de centro
--------------------	---

No Test TCDD quedou de manifesto que o profesorado ten un coñecemento insuficiente das licenzas e das normas que rixen os dereitos de autor e a propiedade intelectual aínda que se puntuou moi positivamente a busca e deseño de recursos educativos en liña. Polo tanto, acórdase incluír o seguinte obxectivo no Plan de acción:

Obxectivo 3	Promover unha cultura de respecto aos dereitos de autor tanto para a creación como para a difusión de materiais.
--------------------	---

- **Dimensión tecnolóxica: Infraestrutura e equipos**

Para conseguir unha adaptación eficaz da Escola á era dixital é necesario reforzar as infraestruturas do centro e a súa conectividade. Porén, na Escola temos aínda 10 aulas sen encerados dixitais ou paneis interactivos e os equipos da biblioteca son antigos e non funcionan coa rapidez desexada.

Obxectivo 4	Modernizar o equipamento tecnolóxico das aulas .
Obxectivo 5	Modernizar o equipamento tecnolóxico da biblioteca

Outro aspecto puntuado á baixa na enquisa SELFIE foi a conectividade do centro. Isto débese a que o alumnado non ten acceso á wi-fi da Escola xa que a Consellería só da este servizo aos centros adheridos ao Programa EDIXGAL. Isto é unha grande eiva para a aprendizaxe, dado que non é posible conectar as tablets das que dispoñemos e o alumnado tampouco pode conectar os seus propios dispositivos. Cumpriría polo tanto solicitar á UAC a creación de credenciais para o alumnado tendo en conta que o sistema de xestión das EOIs é *Centrosnet* e non XADE.

Obxectivo 6	Facilitar o acceso do alumnado á wi-fi do centro.
--------------------	--

Nas táboas achegadas máis abaixo detállanse os obxectivos e determínanse as accións que se desenvolverán para conseguir cada un deles así como as persoas responsables destas accións. Asimesmo especificanse os indicadores que inclúen

os valores de partida e de chegada, a temporización e os recursos necesarios. As mesmas táboas empregaranse para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación detállanse as melloras de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos así como as finalidades para as que se precisan ditas melloras:

- **Wi-fi:** Facilitar o acceso do alumnado á wi-fi do centro mediante a creación de credenciais co obxectivo de democratizar o acceso ás TIC e garantir a igualdade de oportunidades na aula.
- **10 Encerados dixitais ou paneis interactivos para as aulas:** Integrar as TIC na metodoloxía de aula, fomentar a aprendizaxe activa, dinamizar e gamificar a experiencia educativa e mellorar a competencia dixital.
- **5 ordenadores portátiles**
 - 1 equipo para facilitar a automatrícula do alumnado que non ten conectividade nin equipamento no seu fogar. Localización: mesa na entrada da Escola.
 - 1 equipo preferentemente con pantalla táctil e adaptado ao alumnado NEE para facilitar o seguimento das clases das persoas con dificultades visuais, auditivas, etc. Localización: distintas aulas segundo o alumnado que o precise.
 - 2 equipos para os Departamentos didácticos que precisen adaptar as probas de certificación na aula.
 - 1 equipo de reserva para empréstimo do alumnado que non ten equipamento tecnolóxico na súa casa e precisa un ordenador para realizar tarefas en entornas virtuais ou asistir a videconferencias no caso de non poder desprazarse á Escola.
- **21 Monitores de 24 pulgadas para as aulas:** Mellorar a resolución e evitar os problemas de conexión coas CPUS así como o deterioro visual.
- **2 Micros inalámbricos:** Desenvolver as reunións híbridas e a titorización en liña derivada da modalidade semipresencial ou a distancia.
- **6 Tablets:** necesarias para traballar con dispositivos nas aulas en proxectos dixitais que requiren da colaboración en liña do alumnado.
- **1 Carro de carga para tablets/portátiles:** Garantir a autonomía dos equipos ou dispositivos durante as clases para un maior aproveitamento das actividades e os recursos dixitais.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 1: (1)	Modernizar o equipamento tecnolóxico das aulas				Acadado	
Responsable:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de encerados dixitais/paneis interactivos instalados nas aulas.					
Valor de partida: (3)	47,6% das aulas dotadas con EDIS					
Valor previsto e data: (4)	70% das aulas con EDIS/paneis interactivos instalados.			28/04/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Dar de baixa o equipamento tecnolóxico ou obsoleto das aulas: televisores, reprodutores de VHS, radiocassettes, etc.	Vicedirección	20/10/2022	Inventario equipamento tecnolóxico Informe técnico - material danado ou obsoleto Aprobación Xefatura territorial		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar/adquirir os/as EDIS/paneis interactivos.	Dirección, Secretaría	20/11/2022	Pedimento de equipamento Presupostos Aprobación do Consello Escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Instalar os/as EDIS/paneis e equipos nas aulas escollidas.	Xefatura Recursos	28/04/2023	Servizo técnico - Inforhouse		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos							
OBXECTIVO 2: (1)	Modernizar o equipamento tecnolóxico da biblioteca					Acadado	
Responsable:	Xefatura de recursos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de equipos instalados e actualizados na biblioteca.						
Valor de partida: (3)	25% equipos actualizados na biblioteca.						
Valor previsto e data: (4)	100% dos equipos actualizados na biblioteca.				28/04/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Dar de baixa os equipos danados ou obsoletos da biblioteca.	Vicedirección	20/10/2022	Inventario equipamento Informe técnico (material danado ou obsoleto). Aprobación Xefatura Territorial		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Solicitar/adquirir os equipos necesarios.	Dirección, Secretaría	20/11/2022	Pedimento de equipamento Presupostos Aprobación do Consello Escolar		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3:Instalar os/as EDIS/paneis e equipos nos espazos especificados.	Xefatura Recursos	28/04/2023	Servizo técnico - Inforhouse		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 3: (1)	Facilitar o acceso do alumnado á wi-fi do centro				Acadado	
Responsable:	Secretaría				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de credenciais para o acceso do alumnado á wifi do centro					
Valor de partida: (3)	0 credenciais para o alumnado					
Valor previsto e data: (4)	6 credenciais de acceso á wi-fi do centro: 1 por cada idioma/Departamento.			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitar a AMTEGA/UAC a creación de credenciais para o alumnado da EOI no dominio .edu.xunta.gal	Secretaría	20/10/2022	UAC AMTEGA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Asignar as credenciais ao alumnado.	Vicedirección	28/04/2023	Correos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Informar ao alumnado sobre como conectar os seus propios dispositivos ou as tablets da Escola á redes do centro.	Vicedirección	30/05/2023	Titoriais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 4: (1)	Empregar os foros da aula virtual como ferramenta para favorecer a reflexión e a retroalimentación.				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de cursos na AV nos que se implementaron os foros como ferramenta para a reflexión e a retroalimentación.					
Valor de partida: (3)	5% do profesorado emprega os foros para fomentar a reflexión e a retroalimentación a través da AV					
Valor previsto e data: (4)	35% do profesorado emprega os foros para fomentar a reflexión e a retroalimentación a través da AV			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Recibir formación a través do PFPP sobre a explotación dos foros en MOODLE.	Profesorado participante Itinerario "Plan Dixital" (PFPP)	30/10/ 2022	Asesor/a CFR Pontevedra Persoas relatoras Obradoiros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Crear foros para o fomento da reflexión/retroalimentación e partíllalos a través do "sharing chart" da AV.	Profesorado participante no itinerario "Plan Dixital" (PFPP)	20/12/ 2022	LSM- Moodle Responsable da aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Dinamizar e titorizar os foros nos distintos cursos da AV.	Profesorado participante itinerario "Plan Dixital" (PFPP)	30/05/2023	LSM- Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado						
OBXECTIVO 5: (1)	Mellorar o deseño e navegabilidade da páxina web como parte da estratexia dixital de centro				Acadado	
Responsable:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Valoración por parte do alumnado nas enquisas de satisfacción anuais.					
Valor de partida: (3)	Valoración dunha media inferior a 2/5 puntos na enquisa nos últimos anos.					
Valor previsto e data: (4)	Valoración dunha media mínima de 3/5 puntos na enquisa.			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Reorganizar a información en bloques e menús máis intuitivos	Vicedirección	20/12/2022	Manuais - Deseño Webs dinámicas Drupal Asesor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Aplicar un modelo expansivo de fácil navegación desde un dispositivo móbil.	Vicedirección	28/04/2023	Manuais - Deseño Webs dinámicas Drupal Asesor Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Mellorar a aparencia da páxina respectando os principios de identidade Corporativa da Xunta	Vicedirección	30/05/2023	Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia. Modelos de páxinas atractivas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado						
OBXECTIVO 6: (1)	Promover unha cultura de respecto aos dereitos de autor tanto para a creación como para a difusión de materiais.				Acadado	
Responsable:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de manuais sobre as normas de protección da propiedade intelectual e licenzas.					
Valor de partida: (3)	Ningún manual de referencia sobre licenzas e dereitos de autor.					
Valor previsto e data: (4)	1 manual de referencia sobre licenzas e dereitos de autor.			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Recibir formación relativa aos dereitos de autor e licenzas.	Equipo Plan dixital e claustro	31/01/2022	Asesor/a CFR Pontevedra Persoas relatoras		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Crear un manual que recolla o conxunto de normas xurídicas e principios que afirman os dereitos morais e patrimoniais que a lei concede aos autores	Equipo Plan dixital	31/03/2022	Bibliografía: dereitos de autor Equipo Plan Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Divulgar o manual entre o alumnado e o profesorado	Vicedirección	30/05/2023	Páxina web Aula virtual CentrosNet Redes sociais da Escola		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Dn función da temporalización prevista está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora e.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Avaliación do plan

O seguimento do plan e da consecución dos seus obxectivos levarase a cabo mediante os seguintes procedementos avaliativos:

- **Avaliación procesual:**

Permitirá identificar, non só o nivel de logro, senón tamén a toma de decisións e as posibles modificacións para a mellora de calquera proceso na consecución de ditas accións e dos obxectivos finais.

- **Responsables:** consultar nas táboas os responsables das accións.
- **Prazo de tempo:** unha vez por trimestre.
- **Ferramentas:** listaxes de control. Mediante estes rexistros monitorizarase o proceso das accións e neles figurarán os indicadores a avaliar e os aspecto
- **Aspectos a valorar:**
 - Estado da execución das accións
 - Análise e valoración dos resultados
 - Posibles modificacións das accións
 - Propostas de mellora
- **Indicadores a avaliar.** Serán descritos a partires das accións que figuran nas táboas do Plan de Acción.

- **Avaliación final:** realizarase unha vez ao ano para identificar de xeito preciso os avances e os obxectivos acadados, así como aspectos que fosen necesarios reforzar e mellorar.

- **Responsables:** Equipo do Plan dixital, Responsable TIC e vicedirección.
- **Prazo de tempo:** unha vez ao ano. Ditos responsables reuniranse a finais do curso escolar e informarán dos obxectivos acadados aos membros da CCP e ao Claustro.
- **Ferramentas:** táboas plan de acción.

4. Difusión do plan

O éxito e impacto dun proxecto dependen en grande medida das actividades de comunicación e difusión, que van dirixidas a conseguir os seguintes obxectivos:

- Realizar unha comunicación eficaz, transparente e entendible a toda a comunidade educativa sobre os aspectos clave da estratexia dixital do centro.

- Divulgar os avances realizados e os resultados obtidos no trancurso do proxecto.
- Incentivar ao profesorado e alumnado a empregar os recursos dixitais dispoñibles para o seu mellor aproveitamento incidindo positivamente na súa competencia dixital.
- Difundir novos coñecementos ou material de referencia como manuais sobre licenzas e dereitos de autor.

Cómpre distinguir as seguintes accións:

- **Difusión externa:** entre as persoas que forman parte da comunidade educativa (alumnado, profesorado e persoal PAS).
- **Difusión interna:** destinatarios e potenciais beneficiarios dos resultados do proxecto: futuros alumnos, Concello e institucións coas que colaboramos, etc.

Para difundir o Plan dixital empregaranse as seguintes ferramentas:

FERRAMENTAS DE DIFUSIÓN
Páxina web
Redes sociais
Intranet (para compartir as táboas obxectivos SMART, indicadores, temporalización, actas das reunións onde se fai un seguimento).
Aula virtual do centro
Taboleiros dixitais (1º e 2º andar).
Material de xestión: táboas
Material promocional: manual, fotografías de aulas equipadas.
Formación: obradoiros
Reunións: Claustros, CCPs, Equipo do plan dixital.

As accións precisan dun desenvolvemento paulatino que require tempo pero como posta en marcha do plan, poderían concretarse estes pasos iniciais. O primeiro paso será a familiarización do claustro e o alumnado con este proxecto, por iso, unha vez aprobado, implementaranse as seguintes estratexias de difusión:

ESTRATEGIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL

Acción	Tipo	Cando	Destinatarios	Como	Responsable
Presentar e promocionar o PD de centro	Interna e externa	Comezo curso escolar	Claustro Alumnado Comunidade	Publicidade na páxina web, taboleiros dixitais, Intranet e aula virtual.	Vicedirección
Formar ao profesorado nos aspectos máis relevantes do PD (recursos dispoñibles, protocolo de uso, parte de averías, etc.)	Interna	Comezo do curso escolar	Claustro	Obradoiro (presencial ou con Webex).	Xefa de recursos.
Informar ao alumnado dos aspectos do Plan que máis lle concernen: Webex, Aula presencial, Aula virtual Moodle, Centrosnet, protocolos, uso responsable das TIC, protección de datos, etc.	Interna	1º e 2º trimestre	Alumnado	Instrucións na aula presencial	Titores/as
Compartir os informes de seguimento do Plan de acción	Interna	Trimestral	Claustro	Reunións periódicas: CCP e claustro	Xefa de recursos e vicedirección
Asesorar ao persoal docente de maneira continuada ata que se sinta confiado á hora de empregar os recursos dixitais do centro.	Interna	Todo o curso	Claustro	Pílulas formativas, traballo cooperativo.	Equipo PD Vicedirección Relatores internos e externos: PFPP
Crear e difundir material de referencia.	Externa e interna	2º e 3º trimestre	Comunidade educativa Alumnos potenciais	Videotitoriais (uso de Moodle). Manual sobre licenzas e dereitos de autor.	Vicedirección